BOLETÍN Nº15
6 OUTUBRO 2013

AER INFORMA

AGRUPACIÓN ELECTORES DE REDONDELA



CEMENTEIRA ILEGAL: PP, PSOE E BNG CÓMPLICES

Despois das últimas sentenzas xudiciais que deron a razón á familia Crespo fronte á cementeira, o Concello e Augas de Galiza; a Agrupación de Electores de Redondela propuxo no último pleno precintar a cementeira de Vilar e impedir que siga traballando. Pois ben, ningún dos partidos políticos do pleno foi quen de apoiar esta medida, e polo tanto **o Concello vai seguir permitindo o funcionamento dunha cementeira ilegal, sen licenza, contaminante, ruidosa e que vulnera os dereitos fundamentais dos veciños e veciñas**.

Os actuais concelleiros e concelleiras do PP, PSOE e BNG seguen agarrándose aos mesmos argumentos que daban as corporacións anteriores: pechar a cementeira pode supoñer que o Concello teña que pagar unha indemnización millonaria á empresa, e ademais hai que agardar a que se resolva o proceso de declaración de lesividade. Argumentos que xa foron tombados en varias sentenzas xudiciais. Nunha **sentenza firme** do Tribunal de Xustiza de Galiza, ditada o 29 de abril do 2010, establécese que: *"**A actividade da planta de formigón, permitida polo Concello mentres non se resolva o procedemento de declaración de lesividade, é contraria á legalidade**, pois carece de licenza"*. Ademais, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, nesta mesma sentenza firme, **anulou o acordo plenario tomado polo Concello de Redondela o 17 de xullo do 2008, no cal PP, PSOE e BNG acordaran deixar funcionar á cementeira** mentres non se resolvera o procedemento de lesividade. O Concello alegou o 9/5/2011 que lle era imposible material e legalmente executar a sentenza, pero a familia Crespo recorreu e os xulgados déronlle a razón o 13/3/2013: *"**Non hai imposibilidade legal nin material para a execución da sentenza**"*. Polo tanto, coa lei na man, **o Concello pode paralizar a actividade da cementeira, pero a empresa segue traballando porque o Concello non fai nada**.

(continúa)

(ven da páxina anterior)

A suposta indemnización millonaria que tería que pagar o Concello estaba calculada por se a cementeira tiña que parar a súa actividade no 2008, cando a empresa tiña moitos encargos das obras do AVE. Hoxe en día esta cantidade non sería tal. Por riba, esa indemnización de 33 millóns de euros só foi calculada pola propia cementeira, ningún organismo ou técnico independente realizou unha valoración obxectiva. Ademais, vemos que só se teñen en conta os prexuízos á empresa e a súa posible reclamación, pero non se teñen en conta os prexuízos aos veciños nin as indemnizacións que poidan reclamar. **¿E se denuncian ao Concello por permitir durante tantos anos unha actividade ilegal, contaminante e que vulnera os dereitos fundamentais dos veciños? ¿Qué multa pode caerlle ao Concello?**

Unha das sentenzas sobre dereitos fundamentais xa establece que *"o Concello atende exclusivamente aos posibles prexuízos que a paralización podería causar á empresa, pero sen realizar valoración algunha dos dereitos constitucionais do actor e a súa familia, que tamén deben ser ponderados, sobre todo á vista das consecuencias que para a saúde física e moral destas persoas se derivan deste funcionamento, segundo reflexan os distintos informes médicos e psicolóxicos aportados"*.

Este argumento de que paralizar a actividade da cementeira pode ter consecuencias indemnizatorias xa foi desbotado polo Consello Consultivo de Galiza no 2008. E a pesares de que o Concello insiste unha e outra vez nesa indemnización, unha e outra vez os xuíces desmontan este argumento en cada sentenza sobre dereitos fundamentais.

¿Pero que credibilidade pode ter un cálculo feito por unha empresa que actuou sempre de mala fe, negándose a facilitar a documentación, entregando informes manipulados, saltándose unha e outra vez a legalidade, denunciada e multada en múltiples ocasións por verteduras, ruídos e po en suspensión, que ampliou ilegalmente as instalacións e que sendo precintadas en 14 ocasións rompeu 14 veces eses precintos?

Outro argumento que sempre empregou o Concello e seguen empregando agora, é que hai que agardar a que se resolva o proceso de lesividade. Pois vemos outra vez que, ao igual que no caso anterior, os xuíces tomban este argumento nas sentenzas sobre dereitos fundamentais, establecendo que **a actividade debe parar independentemente do proceso de declaración de lesividade**.

Outro argumento do que falou no pleno a secretaria do Concello nunha das súas intervencións, é que a empresa ten licenza de obra e actividade, e que "unicamente" foi anulada a licenza de apertura e posta en funcionamento, como se fora algo menor. A xustiza non parou de mandar "recadiños" ao Concello con respecto á concesión das dúas licenzas:

—> *"A flagrante, reiterada e prolongada inobservancia pola empresa do ordenado nos requirimentos **debeu levar ao arquivo do expediente e á clausura da actividade**". "Esta cadea de incumprimentos, ademais prolongouse durante un período de tempo que se conta en anos, que xustificaría o arquivo do expediente e o **peche definitivo da actividade**"* (Sentencia do Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, 2004).

—> *"Debeu terse en conta que a instalación se ubica a poucos metros dun colexio de Educación Infantil e de vivendas habitadas, que veñen sufrindo molestias e prexuízos de toda índole". "Sorprende que as administracións actuantes non cumpriran coa súa obriga legal de xustificar este emprazamento tan insólito para unha industria desta natureza". "**Esta actividade desenrolouse ao longo de moitos anos ao marxe absolutamente da legalidade, con amparo nunha insuficiente licenza de obras que nunca debeu concederse antes da licenza de actividade**"* (Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, 2007).

—> *"A licenza de apertura obterase con anterioridade, ou polo menos simultaneamente, á licenza urbanística". "Neste caso transcorreron máis de dous anos dende a aprobación da licenza de obras ata que se concedeu a licenza de actividade. Resulta salientable que **a actuación da administración municipal foi, cando menos, irregular**". "É inequívoco que **hai unha clara e terminante infracción urbanística**, pois o emprazamento do terreo non permitía a instalación dunha fábrica de tal natureza, cuestión que debeu ter sido en conta no momento de outorgarse a licenza de actividade pois vicia de nulidade a mesma"* (Consello Consultivo de Galiza, 2008).

(continúa)

(ven da páxina anterior)

O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza tamén dixo o mes pasado que unhas obras que fixo a cementeira preto do regato Arvela son ilegais, dándolle outra vez a razón á familia Crespo contra Augas de Galiza, organismo público que debería defender aos ríos e sen embargo defendeu a unha empresa contaminante. Non se entende que Augas de Galiza poida darlle á cementeira unha licenza de obras cando a actividade desta empresa contamina o río afectando ao dominio público hidráulico e cando se incumpre o regulamento de augas. **Que poder ten esta empresa sobre as administracións para que estas defendan as súas actuacións ilegais?**

En setembro tamén foi o xuízo contra os donos da cementeira pola rotura dos precintos. A directora-xestora foi condenada a 15 meses de prisión, os outros dous imputados, un deles o famoso administrador-dono da cementeira Jorge Cuevas, e outro resposable máis, nin se presentaron no xuízo, disque estaban en Brasil... A Fiscalía retirou os cargos contra eles, pero o Concello mantívoos, e puido manter os cargos porque o Concello é acusación.

Lembremos que o alcalde, Javier Bas, nunha comparecencia que solicitamos en abril, dixo que "o Concello non era parte demandante", mentindo. SI, SI, **O ALCALDE MENTIU**. Que o Concello non se querelase non quere dicir que o Concello non sexa parte demandante. **O alcalde non conta coa confianza do pleno** e ademais sigue mentindo. Se tivese un pouco de ética e decencia política, debería dimitir. Seguimos vendo que a xustiza falla continuamente contra a empresa cementeira e os seus donos, pero **o Concello segue botando balóns fóra** á hora de precintala de xeito firme e á hora de parar a súa actividade dunha vez por todas.

Ano	€
2001	19.604,79
2002	7.840,92
2003	22.523,22
2004	1.873,14
2005	1.825,43
2006	7.812,60
2007	10.102,96
2008	21.088,10
2009	6.972,29
2010	0,00
2011*	694,78

* Facturas de anos anteriores

Aclaramos que a declaración de lesividade foi un mecanismo administrativo que empregou o Concello de Redondela no 2008, despois de que tanto o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo como o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza como o Consello Consultivo obrigaran ao Concello a revisar e anular a licenza da cementeira. **Todos os partidos políticos do pleno (PP, PSOE, BNG e PG) e a secretaria xeral do Concello, non estaban dacordo coa anulación de dita licenza**, e iniciaron este procedemento por considerar que anular esta licenza era lesiva para os intereses económicos do Concello, permitindo con ese acordo a actividade da cementeira.

Vendo a mala fe da empresa, a ilegalidade na que sempre se moveu a cementeira, a contaminación ao río, a afectación a un colexio público infantil, a violación de dereitos fundamentais dos veciños e a necesidade de parar a actividade desta cementeira, asuntos recoñecidos en varias sentenzas xudiciais, **non entendemos que o Concello, tanto coas corporacións anteriores como coa de agora, siga collido da man da cementeira**, compartindo intereses e argumentos e siga permitindo esta actividade tan nociva.

Como sempre, os partidos políticos defendendo ao forte e sometendo ao débil. **Esta empresa ruidosa, contaminante, ilegal, leva 24 anos lucrándose mediante unha actividade clandestina, pasando por riba dos veciños, dos seus dereitos, dereitos recoñecidos xudicialmente pero ignorados politicamente**. Veciños que soportaron a actividade da cementeira ininterrompidamente as 24 horas do día, prexudicando a súa saúde física e mental, sentíndose impotentes e desamparados ante semellante abuso da cementeira e das administracións.

Sabedes canto lle facturou ao Concello o "Grupo JCA Hormigones, S.A.", donos da cementeira ilegal? POIS ENTRE SENTENZA E SENTENZA E PRECINTO E PRECINTO FACTUROULLES AO CONCELLO 99.104,73 €, entre o ano 2001 e maio de 2011. Ou sexa, que os nosos representantes gastaban os cartos da cidadanía nunha empresa ilegal que prexudicaba e prexudica aos veciños e veciñas deste pobo. Terá algo que ver co lixo deste concello que se enterrou no recinto da cementeira? Pago de favores?

Se facemos un pouco de memoria, ao mellor vemos cousas que poden explicar esta estraña conivencia entre Concello e cementeira:

GALICIA

La A VV de Redondela denuncia al alcalde por el vertido de la basura

El BNG solicita un pleno monográfico para abordar el tema de la basura

Xaime Rei.

La basura de Redondela se vierte en el recinto de una empresa de Vilar de Infesta

El barrio de Carballal a 500 metros

Reacción de asociaciones vecinales

NO ANO 1993 O LIXO DE REDONDELA VERTÍASE NO RECINTO DA CEMENTEIRA DE VILAR!!!

Xa que non as temos en formato dixital, transcribimos: "*A 200 metros da empresa Hormigones Vigo atópase o Colexio Porto Cabeiro. Varias vivendas con pozos están practicamente lindantes coa devandita empresa. Varios veciños de Vilar de Infesta foron testemuñas presenciais, incrédulas e atónitas, segundo eles mesmos, de como varios camións de servizo de lixos do Concello de Redondela se introducían de madrugada nas instalacións da empresa "Hormigones Vigo" e procedían a verter os seus contidos ao tempo que tres paleadoras ían cubrindo os residuos. Saladina C.A. di: "levan así moitos días e o peor é que nos cobran o lixo, non temos aquí colectores, pero vértennolas nos narices"."*

"A Federación de Asociacións de Veciños de Redondela San Simón, tras reunirse na mañá de onte, elaborou un comunicado no que, despois de expresar o seu apoio aos veciños de Vilar de Infesta—lugar onde se está a verter o lixo do municipio– anuncia a súa decisión de presentar denuncia ante o xulgado contra o alcalde de Redondela Xaime Rei e contra a empresa "Limpezas Viaño" por realizar verteduras sen o preceptivo estudo ambiental. A federación fará a mesma denuncia ante o Seprona e a Consellería de Sanidade. Outras medidas adoptadas, ademais de denunciar publicamente o acaecido en Millarada, son as de queixarse por escrito ante o Concello de Redondela e solicitar información sobre un concelleiro residente preto da zona de verteduras. O concelleiro do BNG Gabriel Sánchez Ibarra pide que se especifique o custo que supuxo para o Concello verter en Hormigones Vigo."

Dende a Agrupación de Electores de Redondela queremos eloxiar a loita de Xosé Manuel Crespo e a súa familia contra esta inxustiza, unha loita que xa dura 24 anos e podedes seguir en :

http://entreruidoyhormigon.blogspot.com.es

ACHÉGATE!!! AER

Se queres denunciar irregularidades, suxerir melloras, despexar dúbidas ou formar parte de AER, ponte en contacto en

info@aeredondela.com

Correo: Paseo da Xunqueira, 33-1º

Cantos máis sexamos, máis poderemos facer!

Síguenos en

www.aeredondela.com

Non me tires, pásame ou recíclame!!!

PAPEL RECICLADO

BOLETIN Nº15

6 OUTUBRO 2013